

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 20

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA (de decembro) que terá lugar o día 8 de XANEIRO de 2014, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

1.- Actas anteriores: sesión ordinaria e extraordinaria do 28 de outubro de 2013.

.- Intervención perante o Pleno da Corporación dun representante da Plataforma de Afectados polas Preferentes e Subordinadas Vigo-Val Miñor. Expte. 807/1101.

2.- Declaracións institucionais.

3.- Ditames das comisións informativas:

XESTIÓN MUNICIPAL E MOBILIDADE

3.1.- Aprobación inicial da Modificación do Regulamento do Funcionamento do Comité de Seguridade e Saúde Laboral .Expte. 24385/220 (789/1101)

3.2.- Aprobación inicial da rectificación no Inventario Municipal de Bens e Dereitos anulando a inscrición como vía pública do ramal 2 do Camiño Cerdeiros-Bembrive. Expte. 19598/240 (793/1101)

3.3.- Aprobación inicial da rectificación no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, anulando a inscrición como vía pública do ramal 2 da Rúa Riveiro-Cabral. Expte. 19569/240 (792/1101)

3.4.- Modificación das retribucións complementarias que ten asignadas a Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local-Secretaría do Goberno Local. Expte. 24758/220 (812/1101).

CULTURA

3.5.- Concesión da denominación do tramo que vai dende a Travesía de Vigo nº 202 ata o Camiño Troncal nº 24, co nome de "Ventura González Prieto". Expte. 14328/331 (813/1101).

URBANISMO

3.6.- Aprobación inicial da Ordenanza reguladora da Inspección Técnica e Avaliación das edificacións do Concello de Vigo. Expte. 8537/428

(802/1101).

4.- Proposicións mencionadas no artigo 63 do regulamento do Pleno.

5.- Mocións:

- 5.1.- Moción do grupo político Socialista instando á Deputación de Pontevedra a que atenda as peticións realizados por este Concello e colabore economicamente no funcionamento do Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero. Expte. 801/1101.
- 5.2.- Moción do grupo político Socialista instando á Xunta de Galicia a adopción de medidas legais que garantan o abastecemento de subministrados enerxéticos para as persoas coas rendas máis baixas. Expte. 806/1101.
- 5.3.- Moción do grupo político Socialista instando á Xunta de Galicia a que utilice o Instituto Galego de Consumo para mediar en favor dos cidadáns respecto á aplicación da sentenza de 9 de maio alusiva á cláusula do solo, para que se devolva integramente o cobrado de forma irregular dende o inicio da hipoteca. Expte. 811/1101.

6.- Asuntos ou mocións urxentes.

PARTE DE CONTROL

1.- Toma de coñecemento dos acordos ou resolucións doutros órganos municipais ou de informes ou escritos que así o requiran.

- 1.1.- Dar conta de resolucións da Alcaldía.
- 1.2.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.
- 1.3.- Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 2.12.2013, na que se delegan a totalidade das funcións da Alcaldía na Primeira Tenente de Alcalde, durante os días 3 e 4 de decembro 2013. Expte. 798/1101.

2.- Coñecemento dos informes citados no art. 38.2.m.4º do Regulamento do Pleno.

3.- Comparecencias de membros da Corporación.

4.- Mocións.

- 4.1.- Moción do Grupo político do BNG instando ao Goberno Local a creación

dun novo bono para o servizo de autobús urbano, para as persoas desempregadas de longa duración. Expte. 803/1101.

4.2.- Moción do Grupo político do Partido Popular instando ao goberno municipal a que no prazo dun mes presenten unha proposta de Orzamento para o ano 2014. Expte. 808/1101.

4.3.- Moción do Grupo político do Partido Popular instando ao goberno municipal a elaboración dun convenio coa Consellería de Medio Rural e do Mar, para a loita contra a praga das palmeiras, así como o estudo e censo de palmeiras existentes na cidade. Expte. 809/1101.

4.4.- Moción do Grupo político do Partido Popular instando ao goberno municipal acometa as súas obrigas en canto á elaboración e mantemento dos plans de emerxencia, actualización do Plan de Emerxencia Municipal e outros acordos complementarios. Expte. 810/1101.

4.a. Mocións urxentes de control do goberno municipal.

5.- Formulación de rogos.

6.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión **ORDINARIA** no salón de Plenos ás **9,00 HORAS** do día **OITO DE XANEIRO**, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

Am

O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez

Vigo, 3 de xaneiro de 2014

O SECRETARIO ACCTAL. DO PLENO,

Manuel Xosé Lorenzo Penela.